

Solicitud de correspondencia entre Títulos Universitarios Oficiales ('pre-Bolonia') e niveis MECES

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

<http://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/educacion/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-espanoles/202058.html#ic>

Que é o nivel de correspondencia MECES?

É un procedemento cuxa finalidade é outorgar o nivel de correspondencia a cada un dos títulos do antigo catálogo de títulos universitarios oficiais pre-Bolonia (Arquitecto, Enxeñeiro, Licenciado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico, Mestre e Diplomado) dentro do Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior (MECES).

Regúlase segundo o disposto no Real Decreto 967/2014, de 21 de novembro.

Como pode acreditarse o nivel de correspondencia?

A través de dúas vías:

- 1) Coa referencia da publicación do nivel de correspondencia do título no BOE, presentada de forma conxunta co título de que se trate.
- 2) Con certificación persoal (certificado de correspondencia).

Que é o certificado de correspondencia?

É un documento que expide a Subdirección General de Títulos y Reconocimiento de Cualificaciones no que figuran os datos de identificación da persoa titulada, e que informa do nivel académico do título pre-Bolonia *que esta posúe* (Arquitecto, Enxeñeiro, Licenciado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico, Mestre e Diplomado) que lle correspondería dentro do Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior (MECES), así como no Marco Europeo de Cualificaciones (siglas en inglés: EQF).

Os certificados de correspondencia ós niveis MECES **non outorgan ningún título diferente ó que se posúe, nin supoñen ningún cambio nas competencias profesionais** para as que habilita o título posuído.

Os certificados de correspondencia expídense en español e inclúen unha tradución non oficial ó inglés.

O certificado quedará inscrito nunha sección especial do Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais.

Para que serve o certificado de correspondencia?

Con este certificado preténdese, fundamentalmente, **facilitar a mobilidade no estranxeiro** das persoas egresadas de universidades españolas con títulos anteriores ó plan Bolonia, de xeito que non atopen dificultades para o recoñecemento do seu nivel de estudos.

Os certificados de correspondencia non son de aplicación para o ingreso nas Administracións Públicas (Disposición adicional oitava do Real Decreto 967/2014, de 21 de novembro), en cuxo caso deberá aterse ás bases da convocatoria do proceso de selección no que se participe.

Quen pode solicitalo?

Arquitectos / as, Enxeñeiros/as, Licenciados/as, Arquitectos / as Técnicos, Enxeñeiros / as Técnicos e Diplomados/as.

Requisitos

- Estar en posesión dun título universitario oficial español de Arquitecto, Enxeñeiro, Licenciado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico e Diplomado cuxa correspondencia cun nivel MECES teña sido aprobada mediante Acordo de Consello de Ministros, publicada no BOE e inscrita no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).
- Identificarse na Sede Electrónica por medio dun Certificado Dixital recoñecido pola plataforma @firma.

Cando se pode solicitar?

En calquera momento xa que o prazo está aberto permanentemente.

Como se solicita?

Pode solicitarse a través do servizo de Sede Electrónica do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte polo que a persoa interesada obtén o certificado en formato electrónico con código seguro de verificación (C.S.V.) para comprobar a súa autenticidade, de igual validez que o expedido con firma manuscrita.

No caso das solicitudes en formato papel, estas deberán estar asinadas e acompañadas dunha fotocopia compulsada do DNI, ou ben manifestar o consentimento expreso por parte da persoa interesada para que este Ministerio acceda ó sistema de verificación de datos de identidade para a súa comprobación. Neste caso, o certificado de correspondencia emitirase coa sinatura manuscrita da persoa titular da Subdirección General de Títulos y Reconocimiento de Cualificaciones. Para solicitar o certificado de correspondencia en formato papel debe presentar o escrito de solicitude mencionado a través dun Rexistro segundo o previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Como solucionar problemas na obtención do certificado?

Si se teñen dificultades técnicas de acceso á Sede Electrónica (problemas con clave, versión de explorador, etc.) pódese trasladar a incidencia ó seguinte enderezo de correo: sede.electronica@educacion.es

MÁIS INFORMACIÓN:

Enlace ó Real Decreto 967/2014, de 21 de novembro

<https://www.boe.es/boe/dias/2014/11/22/pdfs/BOE-A-2014-12098.pdf>

Para tramitar a solicitude:

<http://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/educacion/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-espanoles/202058.html>

OU CONTACTAR COA ORIENTADORA LABORAL DO CONCELLO

CASA DE PEDRA 981 737004 / 653260746

margarita.seijas@camarinas.net

LUNS A VENRES: 8:00 - 15:00